

Letras de bolero

Observar as cousas miúdas

ROMÁN RAÑA

Con este novo poemario, *Criptografías*, Ramón Caride Ogando (Cea, Ourense, 1957) amplía o seu xa copioso corpus literario. Porque, como ben sabe o avisado lector, na súa nómina amplísima conta cos premios máis prestixiosos do noso país tanto en novela longa, relato, literatura infantil e xuvenil e poesía. Precisamente nesta última tiña publicado *As máscaras de Cronos (poemas 1994-2005)*, volume que recomendaba toda a súa produción até daquela. O libro que agora comentamos, *Criptografías*, prolonga o seu quefacer poético.

Nesta ocasión o noso autor vai despregando os poemas como estampas dos lugares que visitou ou, noutras casos, dos lugares que o visitaron a el. A xeografía planetaria percorrida adhiúrese á xeografía interior dos sentimentos, dos accidentes sentimentais, dos pensamentos creando un mosaico plural e

pluriforme moi querido do creador.

O exemplar divídese en dúas seccións. A primeira contén dous poemas que se sitúan na nosa terra. A paisaxe conmove o escritor, que a ve dun modo

emocionado, sobretudo cando nela atopa o ser humano que aínda non abandona o contorno natural: "hai cativos brincando/e non casas baleiras". De pronto, cara ao final, xorde o impacto da sentenza deslumbrante: "No miolo do pantrigo/cabe un mundo enteiro". Esa capacidade metafísica de observar o universo nas cousas miúdas emparenta, como non, con Uxío Novoneira.

Na segunda parte, Vía-xes e miraxes, os escenarios poéticos van mudando continuamente, pasando de continente a continente, de países e civilizacións diversas. Para que se

produza unha miraxe hai que previamente mirar. E xustamente nese acto á vez físico e metafísico o autor vai tratando de dilucidar o que hai detrás do que se mira. Algunhas veces descubrimos que é o propio mirador o que se olla no extraño espello do mundo: "a paisaxe non é/senón traído espello de quen mira". Nesa actitude contemplativa alguén pode alviscar unha actitude mística, e non estaría errado: "A pedra mira e cala/todo ten diante nosa/as marcas do misterio."

Enigma é quen contempla e enigma é o contemplado. Dese duplo misterio nace a mística, mais en Ramón Caride non apreciáremos o peso grave dun Deus descoñecido ou entrevisto. Misticismo sen Deus que tamén o afilia a Uxío Novoneira, mais sen o estado pleotórico do do Courel.

Os poemas son moitas veces descritivos emanando deles o fognazo lírico. Noutras ocasións os versos semellan a letra dun bolero: "pero só nas derrotas/somos quen de encontrarnos". Aínda que tamén furiosas indignacións contra a inxustizas humanas. O volume complétese cun prólogo de Leonardo da Jandra e un epílogo de Darío Gancedo.

CARIDE, Ramón.
Criptografías, Ed. Follas Novas, Santiago, 2009,
PVP 10, 50 €

